

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DATA 25 DE MARZO DE 2021

Ás 10:10 horas do día 25 de marzo de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 22 de marzo, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. Susana García Álvarez, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D. José Ángel Hermida Fernández, xefe do Servizo de Comercio (asiste aos puntos 9a e 10a)
D. Óscar Couce Senra, xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste aos puntos 2, 4, 5, 6, 7, 8, 9b, 9c, 10b, 10c e 11a)
D. Guillermo Domínguez López, xefe do Servizo de Extinción de Incendios (asiste ao punto 11b)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación integral do céspede de herba natural e da instalación do alumado do terreo de xogo do campo municipal de fútbol do Vao-Coruxo" (698-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:01	Páxina 1 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA644-C8D533-4632C6-WL9CHD-11HQZG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. CALFENSA PROYECTOS, S.L.
2. CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L
3. JARDINERÍA ARCE, S.L.
4. UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATATAS, S.L. (porcentaxe de participación na UTE do 80-20%)

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación integral do céspede de herba natural e da instalación do alumbeado do terreo de xogo do campo municipal de fútbol do Vao-Coruxo" (698-441)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto mixto, de obra e servizos, para a contratación das obras do proxecto de "Implantación de Vía Verde sobre o antigo trazado ferroviario entre Teis e Urzaiz 2ª fase" (701-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro técnico en Topografía, a enxeñeira de Obras Públicas e o xefe do Servizo de Vías e obras e Infraestruturas o 20 e 21 de marzo de 2021 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto mixto, de obra e servizos, para a contratación das obras do proxecto de "Implantación de Vía Verde sobre o antigo trazado ferroviario entre Teis e Urzaiz 2ª fase" (701-441)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo
1	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	2.481.245,44 €
2	EXTRACO, S.A.	2.434.647,05 €



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Redución do prezo
3	NAROM, S.L.	2.380.630,35 €
4	UTE ORECO, S.A.U. e CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A. (COVSA)	2.505.583,02 €
5	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	2.613.600,00 €
6	UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS e CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	2.415.355,91 €

Asisten á apertura D^a. Adoración García Navarro, con DNI **.33.25*, en representación de representación de S.A Obras y Servicios Copasa, D. Antonio Otero Abraira, con DNI **.21.70*, en representación de EXTRACO, S.A. e D^a. Rebeca Platero López de Turiso, con DNI número **.88.75*, en representación da Federación Gallega de la Construcción.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Reparación de danos na estrutura, adaptación contraincendios e accesibilidade no edificio do Parque Central – Lavadores" (639-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Investimentos e o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario do 22 de marzo de 2021, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto do subministro, montaxe e asistencia técnica de pneumáticos do Parque Móbil do Concello de Vigo (14.336-445)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra que o 2 de febreiro de 2021, en cumprimento do acordado na sesión do 1 de febreiro, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con CONTITRADE ESPAÑA, S.A.

Durante o prazo concedido, o licitador presentou documentación da que se deu traslado ao servizo xestor.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:01	Páxina 3 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA644-C8D533-4632C6-WL9CHD-11HQZG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O 22 de marzo de 2021 o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais e o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario emitiron informe sobre a xustificación presentada no que conclúen “*Que tras o exposto entendo a xuízo deste informante que a documentación para a xustificación da oferta entregada por a mercantil CONTITRADE ESPAÑA S.A.U. ten argumentos que permiten chegar a convicción de que pode levarse a cabo e por tanto ser viable*”.

A Mesa acepta, por unanimidade, o anterior informe.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliábeis mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venda ambulante nos mercadillos e outros eventos no termo municipal de Vigo (7.516-106)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Servizos Xerais e o xefe do Servizo de Comercio o 22 de marzo de 2021 de valoración do sobre C “*proposición avaliábeis mediante fórmula*” coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

b) Procedemento aberto do subministro, montaxe e asistencia técnica de pneumáticos do Parque Móbil do Concello de Vigo (14.336-445)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario o 22 de marzo de 2021 de valoración do sobre C “*proposición avaliábeis mediante fórmula*” coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Melloras do firme en distintos viais no Concello de Vigo: lote 1 Vigo Norte, lote 2 Vigo Leste, e lote 3 Vigo Sur” (667-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Investimentos e o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario do 22 de marzo de 2021 de valoración do sobre C “*proposición avaliábeis mediante fórmula*” coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación/clasificación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:01	Páxina 4 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA644-C8D533-4632C6-WL9CHD-11HQZG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venda ambulante nos mercadillos e outros eventos no termo municipal de Vigo (7.516-106)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venda ambulante nos mercadillos e outros eventos no termo municipal de Vigo (7.516-106) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	EVENTOS ESPECTACULARESDEL NOROESTE, S.L.	70
2	MENKEEPER NORTE, S.L.	58

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EVENTOS ESPECTACULARESDEL NOROESTE, S.L. (B-27.858.398), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

b) Procedemento aberto do subministro, montaxe e asistencia técnica de pneumáticos do Parque Móbil do Concello de Vigo (14.336-445)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto do subministro, montaxe e asistencia técnica de pneumáticos do Parque Móbil do Concello de Vigo (14.336-445) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	CONTITRADE ESPAÑA, S.A.	87,82
2	NEUMÁTICOS BERBÉS	85,71
3	NEUMÁTICOS SOLEDAD S.L.	55,87
4	EUROMÁSTER AUTOMOCIÓN Y SERVICIOS, S.A.U.	55,79
5	GRUDEMABA S.L.	36,17



Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONTITRADE ESPAÑA, S.A. (A-81.579.344), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Melloras do firme en distintos viais no Concello de Vigo: lote 1 Vigo Norte, lote 2 Vigo Leste, e lote 3 Vigo Sur" (667-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de "Melloras do firme en distintos viais no Concello de Vigo: lote 1 Vigo Norte, lote 2 Vigo Leste, e lote 3 Vigo Sur" (667-441) na seguinte orde descendente:

- Lote nº 1: VIGO NORTE

Orde	Licitadores	Puntuación total
1º	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	96,03
2º	NAROM, S.L.	93,62
3º	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	92,22
4º	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD LIMITADA	90,34

- Lote nº 2: VIGO LESTE

Orde	Licitadores	Puntuación total
1º	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	96,39
2º	NAROM, S.L.	94,86
3º	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	91,05
4º	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD LIMITADA	90,36

- Lote nº 3: VIGO SUR

Orde	Licitadores	Puntuación total
1º	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	96,03
2º	NAROM, S.L.	93,87
3º	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	91,05
4º	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE	90,06



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	AROSA, SOCIEDAD LIMITADA	
5º	NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.	80,44

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos tres lotes, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (A-36.008.886), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Reforma da instalación de iluminación pública no parque de Castrelos de Vigo" (631-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Reforma da instalación de iluminación pública no parque de Castrelos de Vigo" (631-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 11 de decembro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de "REFORMA DA INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN PÚBLICA NO PARQUE DE CASTRELOS", redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial, D. Ramón Docampo Alonso, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEISCENTOS VINTE E DOUS MIL SEISCENTOS OITENTA EUROS CON SETENTA E TRES CÉNTIMOS (622.680,73 €).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:01	Páxina 7 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA644-C8D533-4632C6-WL9CHD-11HQZG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación de data 02/12/2020.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de SEISCENTOS VINTE E DOUS MIL SEISCENTOS OITENTA EUROS CON SETENTA E TRES CÉNTIMOS (622.680,73 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 108.068,56 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1650.619.00.60 (Iluminación Parque Castrelos), provinte da modificación orzamentaria núm. 63/2020, crédito extraordinario (expediente 680/441), segundo a distribución de anualidades proposta.

2020	622.680,73 €
TOTAL	622,680.73 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato correspondente (D.A.3º.2 da LCSP).

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 5 de marzo de 2021 adoptou a seguinte resolución:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Reforma da instalación de iluminación pública no parque de Castrelos de Vigo" (631-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL S.A.	84.25
2	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	81.31
3	TECUNI, S.A.U.	78.02
4	SIELVIGO, S.L.	71.14

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL S.A. (A-15.032.725), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A., o día 10 de marzo de 2021, que presenta a documentación requirida o 22 de marzo, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 25 de marzo de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 25 de febreiro e 1 de marzo de 2021, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:01	Páxina 9 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA644-C8D533-4632C6-WL9CHD-11HQZG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL S.A. (A-15.032.725) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Reforma da instalación de iluminación afd*pública no parque de Castrelos de Vigo" (631-441) por un prezo total de 473.604,44 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 82.195,81 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de formación para funcionarios de novo ingreso do servizo de bombeiros e 5 sarxentos por promoción interna do Concello de Vigo (6.307-213)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se oponse ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado aberto simplificado para a contratación do servizo de formación para funcionarios de novo ingreso do servizo de bombeiros e 5 sarxentos por promoción interna do Concello de Vigo (6.307-213)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 11 de febreiro de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"1º Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado do servizo de Formación para funcionarios de novo ingreso do Servizo de Bombeiros que contén o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo de bombeiros en data 29 de xaneiro de 2021.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:01	Páxina 10 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA644-C8D533-4632C6-WL9CHD-11HQZG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2º. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado polo Servizo de Contratación e asinado pola técnica de Administración Xeral e a xefa do Servizo de Contratación o 29 de xaneiro de 2021.

3º.- Autorizar o gasto por importe de 118.813,76 euros (prestación exenta de IVE, artigo 20 Lei 37/1992 do IVE), que se imputará á aplicación orzamentaria 13602279910 "Cursos de formación impartidos por empresas", do presuposto do exercicio de 2021.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista".

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 15 de marzo de 2021, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de formación para funcionarios de novo ingreso do servizo de bombeiros e 5 sarxentos por promoción interna do Concello de Vigo (6.307-213) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA, S.A.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA, S.A. (A-36.715.217), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación ao estar inscrito no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia:

1. Acreditación da habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- do PCAP: "Os licitadores deberán estar homologados por el Servicio de Empleo estatal (SEPE), ou organismo correspondente da CCAA para impartir a formación regulada no RD 624/2013, de 2 de agosto para a Familia profesional de Seguridade e Medio Ambiente, dentro da Área Seguridade e Prevención SEAD0111 "Extinción de Incendios y Salvamento"
2. A documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP:
 - Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.
 - Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
 - Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 dasFEC.
 - Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV".

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA, S.A., o día 16 de marzo de 2021, que presenta a documentación requirida 23 de marzo, dentro do prazo concedido.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:01	Páxina 11 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA644-C8D533-4632C6-WL9CHD-11HQZG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 25 de marzo de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA, S.A., de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable a través de fórmula de data 10 de marzo de 2021.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA, S.A. (A-36.715.217) o procedemento aberto simplificado aberto simplificado para a contratación do servizo de formación para funcionarios de novo ingreso do servizo de bombeiros e 5 sarxentos por promoción interna do Concello de Vigo (6.307-213) coas seguintes condicións:

- *O prezo total do contrato é de 118.643,08 euros (exento de IVE).*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:01	Páxina 12 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA644-C8D533-4632C6-WL9CHD-11HQZG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- *Incrementa a experiencia dos medios persoais adscritos ao contrato a maiores da esixida no apartado 5.F desta FEC:*

a) Experiencia do instrutor/formador principal:

- *Como técnico superior da Familia de Seguridade e Medio Ambiente:*

- *máis de 5 anos con acreditación*
- *máis de 10 anos sen acreditación*

- *Como enxeñeiro técnico na rama de Electricidade, Industrial e Química con experiencia acreditada con máis de 2 anos.*

b) Experiencia do instrutor/formador de apoio como certificado de profesionalidade nivel 2 na Área de Seguridade e Prevención da familia de Seguridade e Medio Ambiente:

- *máis de 5 anos con acreditación*
- *máis de 10 sen acreditación*

c) Propón incrementar en 1 instrutor/formador principal o mínimo esixido no apartado 5F desta FEC para a fase práctica da formación.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

c) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de xestión integral da venda de entradas dos espectáculos organizados pola Concellería de Cultura (3.508-330)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado aberto simplificado para a contratación de servizos de xestión integral da



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:01	Páxina 13 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA644-C8D533-4632C6-WL9CHD-11HQZG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

venda de entradas dos espectáculos organizados pola Concellería de Cultura (3.508-330)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 11 de decembro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

"1º.- Aprobar a contratación, a través de procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria, da contratación do servizo de venda de entradas da programación de artes escénicas organizada pola Concellería de Cultura.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, de data 25 de novembro de 2020, redactadas pola técnica media de actividades culturais e educativas, conformadas polo xefe do servizo de Xestión Cultural e polo concelleiro-delegado da Área de Cultura.

3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexerá a citada contratación, de data 30 de novembro de 2020, redactado polo Servizo de Contratación.

4º.- Autorizar o gasto por importe total de 41.852,64 € €, co IVE incluído (corenta e un mil oitocentos cincuenta e dous euros con sesenta e catro céntimos), para un período de dous anos, que se financiarán de acordo co seguinte detalle:

Exercicio 2021.- 20.926,32 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.227.99.00 "traballos e servizos".

Exercicio 2022.- 20.926,32 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.227.99.00 "traballos e servizos".

5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente".

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 18 de marzo de 2021, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento a KICK TICKETING, S.L. por conter a súa oferta económica valores contraditorios ao abeiro do previsto na cláusula 18.3 do PCAP, segundo o informe emitido pola técnica de Actividades Culturais e Educativas e o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural o 8 de marzo de 2021.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de xestión integral da venda de entradas dos espectáculos organizados pola Concellería de Cultura (3.508-330) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:01	Páxina 14 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA644-C8D533-4632C6-WL9CHD-11HQZG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Puntuación total
1	GIGLON, S.L.	96,59
2	MANANTIAL DE IDEAS, S.L.	88,73
3	CARLOS MARTÍNEZ QUIÑONES	18,90

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GIGLON, S.L. (B-86.410.198), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

- *Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.*
- *Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.*
- *Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.*
- *Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV".*

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, GIGLON, S.L., o día 18 de marzo de 2021, que presenta a documentación requirida 24 de marzo, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 25 de marzo de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar GIGLON, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145,



segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GIGLON, S.L., de conformidade co informe de valoración das proposicións avaliadas a través de fórmula de data 12 de marzo de 2021.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a GIGLON, S.L. (B-86.410.198) o procedemento aberto simplificado aberto simplificado para a contratación de servizos de xestión integral da venda de entradas dos espectáculos organizados pola Concellería de Cultura (3.508-330) por un prezo total de 41.285,73 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.165,29 euros, e co seguinte detalle:

- *Parte fixa por importe de 1.700,73 euros cunha porcentaxe de desconto do 25% a aplicar aos prezos unitarios do Bloque 4 (Materiais necesarios para a venda de entradas) previstos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- *Parte variable por un importe máximo de 39.585,00 euros coas seguintes porcentaxes de desconto sobre os prezos unitarios previstos no citado apartado 3G:*

Prezo unitario	Porcentaxe de desconto
<i>Bloque 1: Sistema informático de venda de entradas</i>	<i>30,55%</i>
<i>Bloque 2: Xestión de eventos</i>	<i>55,02%</i>
<i>Bloque 3: Venda de entradas física o día dos eventos</i>	<i>33,59%</i>

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:15 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:01	Páxina 16 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA644-C8D533-4632C6-WL9CHD-11HQZG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		